

# XABIER | DÍAZ

## Maneo de Silván (Erbecedo – Coristanco)

Baila e non fagas a risa:  
antes que saias do baile  
has de sudar a camisa.

E volta e vira  
e volve a virar.  
As voltas no aire  
son malas de dar.

Voulle tocar a Mercedes,  
a Mercedes lle hei de tocar.  
Voulle tocar a Mercedes  
que me gusta no bailar.

E vaite de aí,  
xa podes marchar  
que eu na miña vida  
che volvo a falar.

Agora que vén a noite,  
vén a miña alegría,  
para ver os meus amores  
que non os vin polo día.

Hoxe rúa, *mañán* rúa,  
Pasado *mañán* ruada.  
Vámola levando así  
esta vida ben levada.

Aquí *vin*, aquí cheguei,  
aquí me mandaron vir,  
aquí está *mi* corazón  
se *lo quieres recibir*..

